

**Acta núm. 20/2022.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 20 de decembro de 2022.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Carlos Noya Pereira.

María Rosa Romero Fariña.

José Luis Sampedro Bouzas.

Non asiste: Sandy Marie Cebral Gómez.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14.00 horas do 20 de decembro de 2022, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 19/2022, DO 22.11.2022.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) LICENZAS DE SEGREGACIÓN.
- 5º) COMUNICACIÓN PREVIA (CAMBIO DE TITULARIDADE).
- 6º) APROBACIÓN DE PREZO PÚBLICO.
- 7º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 19/2022, DO 22.11.2022.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 22.11.2022, acta núm. 19/2022.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por OLAYA QUEIRUGA SANTAMARÍA, na que comunica que vai construír un peche de separación entre lindeiros, no linde sur da parcela da Rúa da Pomba 7, Os Ánxeles. O peche farase con fábrica de bloques de formigón de 1,20 m. de alto e reixa metálica por encima de 1,80 m. de alto, medidos sobre a rasante do terreo e terá unha lonxitude aproximada de 30 metros lineais.

A parcela (referencia catastral 6647323NH2464N0001ED) onde se van executar as obras sitúase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 (UC2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- O peche no seu extremo coincidente coa Rúa da Pomba deberá de afastarse como mínimo a 4 metros do eixo do vial, e a fábrica de bloque quedará revestida e pintada en tons claros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 39,68 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 104,25 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JUAN POMBO TARRÍO, na que comunica que vai substituír as 9 ventás de aluminio existentes por outras de PVC de cor branca, en Beca 6, Bastavales.

A edificación (referencia catastral 9810305NH2491S0001IT), emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, en área consolidada pola edificación da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 71,69 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 136,26 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por DIEGO VEIGA FUENTES, na que comunica que vai construír un alpendre para gardar apeiros de labranza na parte traseira dunha parcela en Guitiande, Os Ánxeles, coas seguintes características:

.- O alpendre terá unhas dimensións en planta de 5 m. de fronte e 8 m. de fondo, para un total de 40 m², a executar con bloque, enfuscado e pintado en cor branca.

.- A cuberta será dunha auga, con cubrición de tella cerámica curva.

.- A altura do alpendre no seu aleiro e parte frontal acadará unha altura de 3 metros sobre a rasante natural do terreo, chegando a 4 metros na fachada oposta.

A parcela (referencia catastral 6952538NH2465S0001DG) na que se vai construír o alpendre aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- O alpendre deberá de gardar un afastamento mínimo aos lindeiros particulares da finca de 3 metros como mínimo e axustarse á altura de 3 metros na fachada frontal e de 4 metros na fachada traseira.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 134,13 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 198,70 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Yemina Isabel Parajó Fernández, que di actuar en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO COMPLEXO RESIDENCIAL O MIRADOR, na que comunica que van construír unha caseta para albergar a depuradora da piscina situada en Babenzo, Bastavales.

A caseta arrimarase ao lindeiro da propiedade, permitido pola ordenanza de aplicación para edificacións ou construcións auxiliares, e terá unha superficie construída de 3,75 m², unha altura de 1,60 metros no súa parte frontal e 2,30 na traseira, con cuberta a unha auga e con caída cara a propiedade.

A parcela (referencia catastral 7821910NH2472S0001KF) na que se van executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 120,50 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 185,07 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por José Manuel Carballal Veiga, que di actuar en representación de MARÍA JOSÉ BEADE GUILLERMES, na que comunica que vai facer obras de mellora en Sabaxáns 19, Bastavales, consistentes en:

.- Levantar o alicatado da cociña, dos baños e o pavimento actual de toda a vivenda.

.- Demolición das portas interiores de madeira.

.- Substitución da carpintería exterior existente.

.- Colocación de trasdosado de cartón-xeso, con illamento no interior da vivenda.

.- Colocación de falso teito de cartón-xeso, con illamento en todas as dependencias.

.- Colocación de novas portas interiores de madeira.

.- Pintado de paredes e teitos interiores da vivenda.

A parcela (referencia catastral 8014703NH2481S0001IQ) na que se van executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 (UC2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 400,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 464,57 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por José Manuel Caamaño Barca, que di actuar en representación de CARPIDISER S.L., na que comunica que vai facer varias obras nunha parcela rústica en Vioxo de Arriba, Luaña, consistentes en:

.- Facer un peche, con base de bloque de 40 cm. e arame por encima, ata unha altura de 1,50 m.

.- Facer unha soleira de 400 m² aproximadamente sobre a fronte e acceso, e tamén sobre o lateral dunha nave existente na parcela, destinada a carpintería de madeira. A soleira constrúese no espazo comprendido entre o peche a realizar e as fachadas frontal e lateral da nave.

A parcela (referencia catastral 15013A021000690000UJ) na que se se van executar as obras aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo rústico de protección forestal, séndolle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016 do solo de Galicia (LSG) para o solo rústico coa correspondente categoría, en aplicación do disposto ao respecto pola súa disposición transitoria primeira letra 2.d).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe sectorial favorable da Consellería do Medio Rural do 30.11.2022, da autorización da Deputación Provincial da Coruña do 07.11.2022 (expediente 2022000046060) e do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición recollida na autorización do Servizo de Vías e Obras, da Deputación Provincial da Coruña:

.- A liña de peche situarase a 8 metros do eixo da estrada.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 184,96 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 249,53 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por RUBÉN FARALDO CRESPO, na que comunica que vai realizar as seguintes obras en Soigrex, Bastavales, segundo o proxecto técnico para rehabilitación de alpendre para apeiros e peche de parcela, asinado polo arquitecto José Luís Martínez Raído o 20.05.2022:

.- Construír 43 metros lineais de peche na parcela con referencia catastral 7414721NH2471S0001WB, con dúas filas de bloques de formigón e postes e arames por enriba, ata 1,50 metros medidos dende o remate das filas de bloques. O peche linda en parte co vial público.

.- Limpar e encintar o muro de pedra situado na parcela con referencia catastral 7313305NH2471S0001FB, que linda coa vía pública e que non está situado a 4 metros do eixe do vial.

.- Construír a cuberta dun alpendre de pedra de aproximadamente 30 m², rematada en tella cerámica.

As parcelas (referencia catastral 7414721NH2471S0001WB e 7313305NH2471S0001FB) emprázanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1), e atópase dentro da aldea de Soigrex, incluída no catálogo do PXOM, identificada coa clave XBE1.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de data 11/10/2022 (expediente 3533/21) e do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 123,26 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 187,83 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Manuel Bello García, que di actuar en representación de JESÚS LAFUENTE TABOADA, na que comunica que vai a construír unha pista deportiva (tenis) descuberta, de 36x19 metros, con pavimento de céspede sintético sobre formigón poroso, nunha parcela sita no lugar de Saime, Bastavales.

A parcela (referencia catastral 15013B505103430000MP) onde se van executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo rústico, segundo a disposición transitoria primeira e o artigo 34.2 da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia do 14/11/2022 (expediente DH.W15.87660), e do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- A construción situarase dentro da parcela, mínimo a 9 metros do eixe do vial e mínimo a 5 metros de tódolos lindeiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 388,40 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 452,97 euros.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por RODOLFO ALBERTO PEÑA SALAS, na que comunica que vai facer obras de mellora nunha edificación antiga en Gronzo 3, Brión, consistentes no repicado, lavado, encintado e tratamento hidrófugo sobre dúas fachadas de mampostería.

A edificación (referencia catastral 4752904NH2445S0001QU) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 190,40 euros.

Total: 190,40 euros.

j) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ALICIA CASTRO REY, na que comunica que vai construír un peche en Babenzo 61, Bastavales, coas seguintes características:

.- Na parte traseira da parcela o peche terá 15 metros de lonxitude e farase con base de bloque de 3 alturas e maia por encima, ata unha altura máxima de 1,80 metros.

.- No linde sur o peche terá 56 metros lineais e farase con postes e maia electrosoldada, ata unha altura máxima de 1,80 metros.

A parcela (referencia catastral 8223342NH2482S0000KJ) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- A altura do peche traseiro non poderá exceder de 1,80 metros.

.- O peche sobre o linde sur deberá afastarse como mínimo a 4,00 metros do eixo do camiño, non podendo invadir o espazo de cesión destinado a viario.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 23,27 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 87,84 euros.

TERCEIRO.-LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro á vivenda de Guisande 50, Os Ánxeles, abrindo unha zanja de 83 metros de lonxitude, segundo proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Susana Casais Pérez, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de A Coruña de data 13.07.2022.

A parcela sobre a que se actúa (referencia catastral 6530107NH2463S0000EE) aséntase sobre un ámbito clasificado como solo de núcleo rural e a aldea atópase integrada no inventario de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave AE-3.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 03.11.2022 (expediente 2148/22), e do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 1.276,94 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 20220000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 255,39 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 319,96 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro á vivenda sita en Adoufe 21, Os Ánxeles, abrindo unha zanja de 50 metros de lonxitude, segundo proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Susana Casais Pérez, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de A Coruña de data 29.06.2022.

A parcela sobre a que se actúa (referencia catastral 6853112NH2465S0000DF) aséntase sobre un ámbito clasificado como solo de núcleo rural e a aldea atópase integrada no inventario de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave AE-3.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 17.11.2022 (expediente 2097/22) e do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 663,37 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 20220000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 132,67 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 197,24 euros.

CUARTO.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por JOSÉ RAMÓN SALVADO REY, na que solicita licenza para segregarse unha parcela situada en Tembra, Boullón, segundo proxecto técnico asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Marcos García Vázquez, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña - Pontevedra), con data 11/10/2022 (visado número 20220238).

Descrición da parcela de orixe:

Referencia catastral número 4245609NH2444N0001IT.
Superficie segundo medición recente: 3.007 m².
Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).
Lindes:
Norte: José Lourido Rey (156), Antonio Pérez Abad (150), Manuel Carballo Velo (149) e outros.
Sur: estrada.
Leste: zona excluída, Generosa Romero Catro e outros (163).
Oeste: Manuel Carballo Velo (149) e Pilar Rey Gronzo (354).

Segregación pretendida:

Subparcela A:

Superficie bruta: 1.184 m²
Superficie de cesión: 54 m².
Superficie neta: 1.130 m².
Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).
Lindes:
Norte: Antonio Pérez Abad (150) e Manuel Carballo Velo (149).
Sur: estrada.
Leste: Subparcela B procedente desta segregación e Generosa Romero Catro (163).
Oeste: Pilar Rey Gronzo (354) e outro.

Subparcela B:

Superficie bruta: 948 m².
Superficie de cesión: 28 m².
Superficie neta: 920 m².
Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).
Lindes:
Norte: Generosa Romero Catro (163).
Sur: estrada.
Leste: subparcela C, procedente desta segregación.
Oeste: subparcela A, procedente desta segregación.

Subparcela C:

Superficie bruta: 875 m².
Superficie de cesión: 20 m².
Superficie neta: 855 m².
Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).
Lindes:
Norte: Generosa Romero Catro (163).
Sur: estrada.
Leste: zona excluída de concentración.
Oeste: subparcela B, procedente desta segregación.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión dos terreos de 54 m², 28 m² e de 20 m², ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-.Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 193,71 euros.

Total: 193,71 euros

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Jesús Chaves Rivas, que di actuar en representación de SERVIPRO CONSULTORES S.L., na que solicita licenza para segregar unha parcela situada en Guisande, Os Ánxeles, segundo o proxecto técnico asinado polo enxeñeiro técnico agrícola José Ramón Pardal Pardal, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña- Pontevedra), con data 11/11/2022 (visado número 20221093).

Descrición da parcela de orixe:

Referencia catastral núm. 6534609NH2463S0001HR.

Superficie segundo medición recente: 9.443 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

Lindes:

Norte: Elena Castro Barreiro (435), hoxe José Manuel Lago Lamas e Josefina Martínez Casal (436), hoxe Manuel Pérez Martínez.

Sur, Leste e Oeste: Camiño construído polo Servizo de Concentración Parcelaria e Ordenación Rural.

A finca está atravesada en dirección sur – norte por unha canle de rego.

Segregación pretendida:

Parcela matriz resultante:

Superficie neta: 1.400 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

Lindes:

Norte: Parcela segregada nº 1, procedente desta segregación.

Sur: Camiño despois de parcela cedida a viais.

Leste: Parcela segregada nº 2, procedente desta segregación.

Oeste: Camiño despois de parcela cedida a viais.

Parcela segregada nº 1:

Superficie neta: 1.200 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

Lindes:

Norte: Josefina Martínez Casal (436), hoxe Manuel Pérez Martínez (catastral 6534610NH2463S).

Sur: Parcela matriz resultante, procedente desta segregación.

Leste: Parcela segregada nº 2, procedente desta segregación.

Oeste: Camiño despois de parcela cedida a viais.

Parcela segregada nº 2:

Superficie neta: 1.148 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

Lindes:

Norte: Josefina Martínez Casal (436), hoxe Manuel Pérez Martínez (catastral 6534610NH2463S).

Sur: Camiño despois de parcela cedida.

Leste: Parcela segregada nº 3, procedente desta segregación.

Oeste: Parcela segregada nº 1, procedente desta segregación e parcela matriz resultante, procedente desta segregación.

Parcela segregada nº 3:

Superficie neta: 1.144 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

Lindes:

Norte: Josefina Martínez Casal (436), hoxe Manuel Pérez Martínez (catastral 6534610NH2463S). Sur: Camiño despois de parcela cedida a viais.

Leste: Parcela segregada nº 4, procedente desta segregación.

Oeste: Parcela segregada nº 2, procedente desta segregación.

Parcela segregada nº 4:

Superficie neta: 1.143 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

Lindes:

Norte: Josefina Martínez Casal (436), hoxe Manuel Pérez Martínez (catastral 6534610NH2463S).

Sur: Camiño despois de parcela cedida a viais.

Leste: Parcela segregada nº 5 procedente desta segregación, Parcela segregada nº 6 procedente desta segregación e Parcela segregada nº 7 procedente desta segregación.

Oeste: Parcela segregada nº 3 procedente desta segregación.

Parcela segregada nº 5:

Superficie neta: 1.036 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

Lindes:

Norte: en parte con Josefina Martínez Casal (436), hoxe Manuel Pérez Martínez (catastral 6534610NH2463S) e Elena Castro Barreiro (435), hoxe José Manuel Lago Lamas (catastral 6534608NH2463S).

Sur: Parcela segregada nº 6, procedente desta segregación.

Leste: Camiño despois de parcela cedida a viais.

Oeste: Parcela segregada nº 4, procedente desta segregación.

Parcela segregada nº 6:

Superficie neta: 1.019 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

Lindes:

Norte: Parcela segregada nº 5, procedente desta segregación.

Sur: Parcela segregada nº 7, procedente desta segregación.

Leste: Camiño despois de parcela cedida a viais.

Oeste: Parcela segregada nº 4, procedente desta segregación.

Parcela segregada nº 7:

Superficie neta: 984 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

Lindes:

Norte: Parcela segregada nº 6, procedente desta segregación.

Sur e Leste: Camiño despois de parcela cedida a viais.

Oeste: Parcela segregada nº 4, procedente desta segregación.

Parcela cedida destinada a viais:

Superficie: 369 m².

Lindes:

Norte: Josefina Martínez Casal (436), hoxe Manuel Pérez Martínez, Parcela matriz resultante, procedente desta segregación, Parcela segregada nº 2, procedente desta segregación, Parcela segregada nº 3, procedente desta segregación, Parcela segregada nº 4, procedente desta segregación, Parcela segregada nº 7, procedente desta segregación e Elena Castro Barreiro (435), hoxe José Manuel Lago Lamas.

Sur: Camiño.

Leste: Camiño, se ben pola porción Oeste con Parcela segregada nº 1, procedente desta segregación e Parcela matriz resultante, procedente desta segregación.

Oeste: Camiño, e pola porción Leste coa Parcela segregada nº 5, procedente desta segregación, Parcela segregada nº 6, procedente desta segregación e Parcela segregada nº 7, procedente desta segregación.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión dos terreos de 369 m², ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-.Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 516,56 euros.

Total: 516,56 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por JUAN CARLOS ZAERA PÉREZ, na que solicita licenza para segregar unha parcela situada en Liñares, Brión, segundo o proxecto técnico asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Javier López López, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra), con data 29.03.2022, visado número 20220311.

Descrición da parcela de orixe:

Referencia catastral núm. 5750427NH2455S0000ZP.

Superficie segundo medición recente: 1.689 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-1).

Lindes:

Norte: Juan Carlos Zaera Pérez (5750428NH2455S0000UP).

Sur: Estrada.

Leste: Estrada.

Oeste: coa parcela catastral 5750429NH2455S0000HP.

A parcela atópase dentro da zona de protección e afección da estrada convencional DP-1301.

Segregación pretendida:

Parcela 1.1. Salomón – Cesións de viais.

Superficie: 547 m², dos cales 270 m² xa están incluídos no dominio público, restando tan solo ceder a superficie de 277 m².

Lindes:

Norte: coa Parcela 1.1 Salomón A, procedente desta segregación e coa Parcela 1.1 Salomón B, procedente desta segregación, Juan Carlos Zaera Pérez (5750428NH2455S0000UP) e estrada.

Sur: Estrada.

Leste: Estrada.

Oeste: coa parcela catastral 5750429NH2455S0000HP e estrada.

Parcela 1.1 Salomón A.

Superficie neta: 571 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-1).

Lindes:

Norte: Juan Carlos Zaera Pérez (5750428NH2455S0000UP).

Sur: coa Parcela 1.1 Salomón – Cesión de viais, procedente desta segregación, que separa de estrada.

Leste: coa Parcela 1.1 Salomón – Cesión de viais, procedente desta segregación, que separa de estrada.

Oeste: coa Parcela 1.1 Salomón B procedente desta segregación.

Parcela 1.1 Salomón B.

Superficie neta: 571 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-1).

Lindes:

Norte: Juan Carlos Zaera Pérez (5750428NH2455S0000UP).

Sur: coa Parcela 1.1 Salomón – Cesión de viais, procedente desta segregación, que separa de estrada.

Leste: coa Parcela 1.1 Salomón A, procedente desta segregación.

Oeste: coa parcela catastral 5750429NH2455S0000HP.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización do Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial de A Coruña (expediente 2022000036522) e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión do terreo de 277 m², ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 129,14 euros.

Total: 129,14 euros

QUINTO.- COMUNICACIÓN PREVIA (CAMBIO DE TITULARIDADE).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARCIO DIAS DE SOUZA, na que comunica o cambio de titularidade da licenza para o funcionamento dunha escola de hípica en Tembra, Boullón.

A actividade viña funcionando anteriormente a nome de JOSÉ RAMÓN BARBAZÁN AGRAFOJO, e preténdese poñer a nome de Marcio Dias De Souza.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de escola de hípica, sito no lugar de Tembra, Boullón, a nome de Marcio Dias De Souza, DNI: ***5363**.

SEXTO.- APROBACIÓN DE PREZO PÚBLICO.

Deuse conta dunha proposta da alcaldía de 17.11.2022 de prezo público para aos cursos de formación para o uso das cociñas colaborativas de Brión, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda), en sesión do 20.12.2022.

Vistos o informe técnico do 18.11.2022 e o informe de intervención do 18.11.2022.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Fixar o prezo público pola asistencia aos cursos de formación para o uso das cociñas colaborativas de Brión, de acordo coa seguinte tarifa:

- Prezo público alumnado por cada curso básico: 50,00 €.

2º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

SÉTIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

Pablo Lago Sanmartín

O secretario

Javier Nieves González